

1. Bolsas e prácticas profesionais

1.3. Outros organismos públicos

Convócanse bolsas de formación e especialización no Instituto Cervantes para formar especialistas na promoción do ensino, o estudo, o uso da lingua e da cultura española e hispanoamericana no exterior, a adquisición de coñecementos prácticos en sistemas de información, de xestión, de difusión e xestión cultural e a ampliación do ensino, o uso e coñecemento do castelán.

As bolsas distribúense entre os seguintes departamentos: contabilidade e tesourería (3), contratación e xestión patrimonial (2), oficina orzamentaria (1), informática (2), hispanismo (11), certificación e acreditación (1), formación de profesores (2), ordenación e proxectos académicos/certificación e acreditación (1), xestión persoal (1), relacións colectivas (1), selección e inspección (1), documentación e xestión de materiais culturais, xestión cultural multidisciplinar (3), aplicacións informáticas e administración (1), biblioteca e documentación (1), relacións institucionais e xestión de actividades (1), relacións institucionais e xestión de espazos (1), asuntos institucionais e externos (1), xestión comercial e marketing (2), comercio electrónico e marketing (1), desenvolvemento de control económico (1), patrocinio (1), edición web e audiencias de internet (1), produción audiovisual (1), contidos web (1), deseño gráfico (2), edición e tecnoloxías web (1), arquivo e documentación dixital (2), proxectos terminolóxicos (1), convenios e relacións internacionais (2) e secretaría xeral (1).

INSTITUTO CERVANTES. BOLSAS DE FORMACIÓN

Requisitos

- Posuír a titulación universitaria de segundo ciclo ou grao, requirido pola praza, expedida por universidades españolas nos cinco cursos académicos anteriores a data de presentación da bolsa.
- Non ter sido bolseiro con anterioridades doutra bolsa das mesmas características no Instituto Cervantes cunha duración superior a un ano.

Lugar

Sedes do Instituto Cervantes en Madrid e en Alcalá de Henares.

Prazos de solicitude

No último trimestre do ano anterior.

Proceso de selección

Consulta a información sobre o procedemento particular para cada bolsa no seguinte [enlace](#).

Duración e contía

A duración máxima é de 12 meses, podendo prorrogarse ata un máximo doutros 12 meses.

A contía mensual é de 800€.